

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000046.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisiones o vindeiro **mércores, día 13 de novembro de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

XESTIÓN URBANÍSTICA

1. PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS PARA A EXECUCIÓN DA PARTE DA VÍA DE NOVA APERTURA LATERAL POR CESIÓN DE TERREO NUNHA PARCELA INCLUÍNDO O ENCONTRO COA AV. BENIGNO RIVERA. APROBACIÓN DEFINITIVA.

FOMENTO

2. APROBAR O TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA E O CONCELLO DE LUGO PARA PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES EN ENSINANZAS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DE GRAVAS E GRAVAS MIÚDAS PARA TRATAMENTOS SUPERFICIAIS EN CAMIÑOS RURAIS (LOTE 1) E DE GRIXO COMPACTO (LOTE 2), EXP. REF. 2024/C004/000018. ADXUDICACIÓN.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2556543579440537983.doc

Asunto: XUNTA DE GOBRNO LOCAL DO 13-11-2024

4. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE ASCENSORES (LOTE 1) E PORTAS AUTOMÁTICAS OU MOTORIZADAS (LOTE 2) DE TITULARIDADE MUNICIPAL. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS ASÍ COMO DO GASTO, ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C003-000032.

5. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C004-000025.

PERSOAL

6. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

7. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE OFICIAL SEPULTUREIRO/A INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

8. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE CELADOR/A CEIP RESERVADA A DISCAPACIDADE INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CULTURA

9. INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA SOBRE A APROBACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAIS E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA. EXERCICIO 2024.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,